

EXPEDIENTE:	2026/00034195D
PROCEDEMENTO:	Xestión de subvencións nominativas

PROPOSTA DE CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona Goretti Sanmartín Rei, Excm. Sra. Alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle son recoñecidas a esta polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Dona Rosa María Crujeiras Casais, reitora magnífica da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da citada universidade, en virtude do nomeamento efectuado polo artigo 51 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e polo artigo 82 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, e domicilio en Pazo de San Xerome- Praza do Obradoiro s/n, CP 15705 de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

Consonte ao artigo 21.2 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Home, as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das Administracións públicas. No ámbito galego, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de homes e mulleres de Galicia, no título IV, sobre a promoción da igualdade de mulleres e homes no ámbito local, establece de modo xeral a colaboración coas corporacións locais para promover a igualdade de mulleres e homes na vida local, elevándose a rango de lei a promoción da creación e mantemento de recursos específicos de orientación, información e asesoramento en materia de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes para a extensión da rede de centros de información á muller (CIM), co obxectivo de garantir o acceso á mesma de todas as mulleres.

Pola súa banda, e tamén no ámbito galego, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, lembra nos seus principios o de cooperación e coordinación, consonte ao cal os Concellos, como administración máis achegada á cidadanía participarán no desenvolvemento da lei, habilitándose por parte da administración galega os recursos necesarios a tal fin (artigo 4.5). No ámbito estatal, de acordo co artigo 19.1 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais, responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

Como tales dereitos sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo de conformidade cos artigos 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social,

incluíndo situacións de violencia de xénero e incluíndo o dereito á igualdade por razón de xénero, e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Así mesmo, a Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI, establece como principios reitores da actuación dos poderes públicos a promoción da igualdade de trato e da non discriminación por razón de orientación sexual, identidade sexual, expresión de xénero ou características sexuais, así como o desenvolvemento de actuacións de información, sensibilización, formación e visibilización destinadas a previr a discriminación e favorecer o respecto á diversidade. No exercicio das súas competencias e no marco das súas políticas públicas de igualdade e inclusión, as entidades locais poden impulsar actuacións dirixidas á promoción destes principios e á sensibilización da cidadanía respecto da diversidade afectivo-sexual, familiar e de xénero.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Finalmente, a Carta Europea para a Igualdade de Mulleres e Homes na vida local (Consello de Municipios e Rexións de Europa, 2006) incide en que as autoridades locais e rexionais, que son as esferas de goberno máis achegadas á poboación, representan os niveis de intervención máis axeitados para combater a persistencia e a reprodución das desigualdades e para promover unha sociedade verdadeiramente igualitaria.

Neste marco normativo, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve políticas públicas dirixidas a promover a igualdade efectiva entre mulleres e homes, incorporando de forma transversal a perspectiva de xénero na acción municipal e impulsando actuacións específicas de prevención da discriminación por razón de sexo.

Así mesmo, no ámbito das súas competencias, promove actuacións de sensibilización e visibilización orientadas á igualdade de trato, ao respecto da diversidade e á erradicación de toda forma de discriminación, incluídas as baseadas na orientación sexual, na identidade ou expresión de xénero e nas características sexuais, contribuíndo á construción dunha sociedade máis igualitaria e inclusiva.

Segundo.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atribuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

Terceiro

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

Cuarto.

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo co Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e no marco da lexislación vixente. Desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento científico e Tecnolóxico. Está interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos e coas institucións. E está debidamente inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1064 nas áreas de actuación de comunidade, discapacidade, familia, igualdade, infancia, maiores e menores.

Segundo o artigo 4 dos seus estatutos, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

Quinto.

O Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos e institucións públicas e privadas no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición dineraria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir os deberes materiais e formais establecidos. O proxecto financiado deberá ter por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración.

Sexto.

Que, podendo iniciarse o procedemento de concesión tanto de oficio como a pedimento da entidade interesada, a Universidade de Santiago de Compostela presentou por rexistro o día 03/07/2026 a documentación necesaria para a subscripción do convenio.

Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixe a LXS a Alcaldesa, con competencias en Políticas de Igualdade resolveu autorizar o gasto e conceder á Universidade de Santiago de Compostela, unha subvención para contribuír ao financiamento das súas actividades por importe 14.000 €, gasto imputable á aplicación orzamentaria 010 23102 4890002 e subscribir un convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social/ xeral descrito.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo:

- ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO

O carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. As universidades públicas galegas contan con unidades ou oficinas de igualdade que teñen como finalidade impulsar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, incorporar a perspectiva de xénero na actividade universitaria e promover actuacións de sensibilización, formación e investigación en materia de igualdade, prevención das violencias machistas e eliminación de calquera forma de discriminación.

No exercicio destas funcións, as universidades desenvolven tamén actividades dirixidas á promoción da igualdade de trato, do respecto á diversidade e da non discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero e características sexuais, en consonancia cos principios e obxectivos establecidos pola normativa vixente.

O evidente interese público e social destas actuacións, así como a traxectoria e experiencia desenvolvidas pola Universidade de Santiago de Compostela neste ámbito, xustifican o interese do Concello de Santiago de Compostela en establecer un marco estable de colaboración coa universidade pública asentada no termo municipal para o desenvolvemento de actividades de promoción da igualdade efectiva, de sensibilización e de fomento dos valores de respecto, inclusión e non discriminación, de conformidade coas competencias municipais nesta materia.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO.

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6.1.c da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polas cláusulas establecidas no convenio; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; pola Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e pola lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultasen imperativamente

aplicable, polos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e, previo ditame non vinculante da comisión á cal fai referencia a cláusula décimo primeira, resolveranse motivadamente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

TERCEIRA. ENTIDADE BENEFICIARIA E CONTIDO.

Denominación do Proxecto: “**ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO**”

Descrición do proxecto/programa: O compromiso social da Universidade de Santiago de Compostela (USC) coa consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes faise efectivo no desenvolvemento de accións de formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade e deconstrución de estereotipos de xénero.

O presente programa desenvólvese no período de xaneiro a setembro de 2026 e estrutúrase nas seguintes iniciativas:

- 11ª edición do Programa 'Unha enxeñeira ou científica en cada cole' (dirixido ao alumnado dos centros de educación primaria).
- XVII Edición dos Premios á introdución da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación da USC (os primeiros, segundos e terceiros premios de ámbalas dúas modalidades).
- I Convivencia con Orgullo USC
- Divulgación institucional e sensibilización en materia de igualdade.

Todas as actividades estarán coordinadas pola Oficina de Igualdade de Xénero da USC (OIX) xunto coa Vicerreitoría de Estudantado, Igualdade, Diversidade e Benestar da Universidade de Santiago de Compostela.

Obxectivos e Prioridades:

Obxectivos Xerais:

- Combater a persistencia e a reprodución das desigualdades de xénero e promover unha sociedade igualitaria.
- Visibilizar as experiencias diversas das persoas LGBTI+ da comunidade universitaria da USC (estudiantado, PTXAS e PDI).
- Darlle continuidade a unha iniciativa seleccionada polo European Institute for Gender Equality (EIGE) como unha das dez mellores boas prácticas de promoción da igualdade de xénero nas universidades e centros de investigación.

Obxectivos Específicos:

- Fomentar unha imaxe positiva da acción de xénero como ferramenta de transformación social
- Visibilizar o traballo das científicas e promover a creación de referentes femininos na ciencia.
- Promover a igualdade de oportunidades e o equilibrio na presenza entre as estudantes e os estudantes nas titulacións universitarias.
- Promover a integración da perspectiva de xénero nos contidos de formación transmisión da investigación da USC.
- Identificar barreiras, necesidades específicas e prioridades da comunidade LGBTI+ na USC para orientar as políticas e accións de diversidade neste eido.

Ámbito territorial:

- Concello de Santiago de Compostela

Persoas destinatarias das actividades do proxecto:

- 'Unha enxeñeira ou científica en cada cole': profesorado e alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria.
- 'Premios á Introdución da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación': persoal docente e investigador da USC.

- I Convivencia con Orgullo USC: comunidade universitaria (estudantado, PDI e PTXAS), representantes de movementos estudantís e sociais da cidade de Santiago de Compostela, así como outras persoas interesadas.
- Divulgación institucional e sensibilización en materia de igualdade. Toda a comunidade universitaria e público en xeral.

Explicar o impacto previsto na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento:

O impacto científico e social das actividades propostas vai encamiñado ao avance no labor de colaboración das entidades (Concello de Santiago de Compostela e USC) no obxectivo común da promoción da igualdade de xénero e da educación inclusiva, a fin de que a sociedade compostelá, coa súa enorme capacidade de irradiación ao conxunto da sociedade galega, participe dos valores éticos e políticos propios do século XXI. O efecto multiplicador desta colaboración cobra especial importancia na continuidade de actividades creadas e desenvolvidas en anos anteriores.

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto:

Persoal da Oficina de Igualdade de Xénero (OIX-USC); persoal docente e investigador da USC e persoas alleas á USC.

Avaliación dos resultados:

Indicadores de seguimento como número de participantes (desagregados por sexo) ou enquisas de satisfacción (a dirección dos CEIPs implicados); así como a análise dos indicadores de cara a unha optimización de actividades futuras. Recollida de conclusións rematada algunha actividade.

Visibilidade do proxecto e como se vai a difundir:

Todas estas actividades serán difundidas no sitio web da Oficina de Igualdade de Xénero, no Xornal e redes sociais da USC así como nas canles do Concello; envío de notas de prensa ao medios a través do Gabinete de Comunicación da USC e elaboración e difusión de materiais.

Datas:

De xaneiro a setembro de 2026 (ambos inclusive).

ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER NO PROXECTO:

1.Nome da Actividade:

11ª EDICIÓN DO PROGRAMA: 'UNHA ENXEÑEIRA OU CIENTÍFICA EN CADA COLE'

Descrición: Realización de obradoiros dunha hora de duración dirixidos ao alumnado de 4º de primaria de colexios públicos do Concello de Santiago, nos que se amosa a relación da ciencia e da tecnoloxía coa nosa vida cotiá e que servirían para achegar ao alumnado a estas disciplinas dun xeito lúdico.

Estes obradoiros son impartidos por científicas ou enxeñeiras xa que é de grande importancia contar con referentes femininos que sirvan de modelos a nenas e adolescentes para motivalas nos estudos relacionados con estas disciplinas.

Asemade nesta 11ª edición ofertáranse a todos os colexios de Galicia obradoiros en liña a través de vídeos de temática moi variada: física, matemáticas, computación, química ou óptica para, de xeito divertido, amosar, ao alumnado de primaria, as contribucións das mulleres en áreas como a astronomía e favorecer o fomento de vocacións nas ciencias.

Iranse renovando os vídeos que se ofertan para as actividades non presenciais, de cara a unificar estilisticamente a oferta de materiais, así como para ir incluíndo as novas propostas presenciais dentro do repositorio online.

Obxectivos xerais: Promover a igualdade de oportunidades e o equilibrio na presenza entre as alumnas e os alumnos nas titulacións da USC. Dar continuidade ao programa de promoción de vocacións científicas nas mulleres iniciado no 2016. Promover elección de titulación non baseadas en roles tradicionais de xénero.

Obxectivos específicos:

- Incentivar a presenza de rapazas en carreiras relacionadas coas disciplinas CTEM (ciencia, enxeñería tecnoloxía e matemáticas) que rachen cos estereotipos sexistas da nosa sociedade mediante actividades didácticas dirixidas ao alumnado de primaria.

Persoas destinatarias da actividade:

- Alumnado de 4º de primaria dos colexios públicos do Concello de Santiago de Compostela na modalidade presencial (409 alumnas e alumnos de 9 anos de idade).
- Alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria dos colexios públicos de Galicia, na modalidade virtual (7298 alumnas e alumnos de 9 a 11 anos de idade).

Lugar de realización:

Centros públicos de educación primaria do Concello de Santiago de Compostela (presenciais):

CEIP Plurilingüe Mestre Rodríguez Xixirei; CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios; CEIP Ramón Cabanillas; CEIP Pío XII; CEIP Plurilingüe de Vite; CEIP de Prácticas López Ferreiro; CEIP Lamas de Abade, CEIP de Roxos e CEIP Apóstolo Santiago.

- Centros públicos de educación primaria de Galicia (116), na modalidade virtual.

Actividades de planificación e execución:

Realizaranse os seguintes obradoiros presenciais de febreiro a abril:

- Física Divertida
- Só facemos química cando imos ao laboratorio?
- Xogando con modelos matemáticos
- Xogando coa luz
- Será ou non será? Xogando coa probabilidade
- A maxia da Química
- Luz, cor e sombra
- Facendo economía rosquilla
- Exploramos para que non nos contan trolas?
- Química Divertida
- Química ao noso redor
- Lume no Monte
- A grande importancia dos corpos pequenos no sistema solar

Terase a disposición dos CEIPs que o solicitaran os vídeos explicativos dos obradoiros para que os impartan entre o seu alumnado entre os meses de febreiro e abril.

Realizaranse novos vídeos para material de apoio.

Recursos Humanos e Materiais implicados na organización das actividades:

Profesoras e investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela.

O material a empregar nos obradoiros dependerá da actividade didáctica.

Creación de vídeos explicativos de obradoiros segundo as necesidades das investigadoras.

Datas:

Obradoiros de febreiro a abril de 2026.

Realización de vídeos para material de apoio de xuño a setembro de 2026.

2. Nome da Actividade:

XVII EDICIÓN DOS PREMIOS Á INTRODUCCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA E NA INVESTIGACIÓN (premios de ámbalas dúas modalidades).

Descrición: Convocatoria de premios á introdución da perspectiva de xénero nas modalidades de docencia e investigación. Esta actividade está organizada pola Oficina de Igualdade de Xénero da USC.

Obxectivo Xeral: darlle continuidade a unha iniciativa seleccionada polo European Institute for Gender Equality (EIGE) como unha das dez mellores boas prácticas de promoción da igualdade de xénero nas universidades e centros de investigación de entre máis de 50 de toda a Unión Europea.

Obxectivo específico: Promover a integración da perspectiva de xénero nos contidos de formación e de transmisión da investigación da USC e avanzar na consideración desta perspectiva de forma transversal en calquera actividade de carácter científico ou académico como criterio de excelencia.

Os traballos premiados que sexan de libre acceso poranse a disposición da comunidade universitaria dentro da colección de estudos de xénero do repositorio Minerva, que compila os traballos de investigación realizados por persoas integrantes da USC.

Persoas destinatarias da actividade: Persoal docente e investigador da USC.

Lugar de realización: Universidade de Santiago de Compostela.

Actividades de planificación e execución:

- Convocatoria dos premios.
- Prazo de presentación.
- Nomeamento, constitución e reunións do xurado.
- Valoración dos traballos presentados.
- Creación de materiais de difusión.
- Nomeamento das persoas gañadoras.
- Entrega dos premios en acto público no mes de setembro.
- Subida dos traballos premiados á Colección da Oficina de Igualdade de Xénero do repositorio Minerva.

Recursos Humanos e Materiais implicados na organización das actividades:

Persoal da USC.

Datas:

Xuño-Setembro 2026.

3. .Nome da Actividade:

I CONVIVENCIA CON ORGULLO USC.

Descrición: O proxecto "I Convivencia con Orgullo USC" consiste na organización dun encontro institucional e participativo deseñado para visibilizar as experiencias da comunidade universitaria LGBTI+ (estudiantado, PDI e PTXAS), así como para iniciar unha diagnose dos seus retos, necesidades e demandas prioritarias.

A xornada estrutúrase en dúas fases diferenciadas ao longo dun día:

1.-Xornada de mañá (Acto público e institucional): Realizarase no Salón Nobre de Fonseca e incluírá unha inauguración oficial con representación institucional, unha mesa redonda de experiencias con representantes visibles de todos os sectores universitarios, a lectura dun manifesto e un peche cultural cunha *performance* a cargo da Compañía de Danza da USC nos Xardíns das Pedras.

2.-Xornada de tarde (Sesión de traballo participativa): Levaranse a cabo mesas de traballo sectoriais empregando dinámicas de participación activa (como *World Café* e *1-2-4-All*), co obxectivo de debater sobre as barreiras e necesidades específicas do colectivo no seo da institución.

Finalmente, os resultados e conclusións obtidos nos grupos de tarde serán recollidos e sistematizados nunha memoria técnica de diagnose, que servirá para orientar as futuras liñas de actuación e políticas de diversidade da nova Unidade de Diversidade LGBTI+ da USC.

Obxectivo xeral:

Visibilizar as experiencias diversas das persoas LGBTI+ da comunidade universitaria da USC (estudiantado, PTXAS e PDI) e iniciar unha diagnose das súas necesidades, demandas e retos prioritarios para orientar as futuras políticas de diversidade da institución.

Obxectivos específicos:

Fomentar a visibilidade e a igualdade: crear un espazo de encontro e recoñecemento para o colectivo no marco da creación da primeira Unidade de Diversidade LGBTI+ e Cultural da USC.

Identificar barreiras: detectar os desafíos, dificultades específicas e prioridades que vive a comunidade LGBTI+ no contexto universitario

Promover a participación activa: dar voz directa ás experiencias de todos os sectores da comunidade (estudiantado, persoal docente e investigador e persoal de administración) a través de accións participativas e dinámicas de grupo.

Establecer liñas de actuación: recoller as conclusións extraídas das sesións de traballo para elaborar unha memoria técnica que sirva de guía para as accións de diversidade no seo da institución.

Persoas destinatarias da actividade:

As persoas destinatarias do encontro de Convivencia con orgullo da USC son: a comunidade universitaria (estudiantado, PDI e PTXAS), representantes de movementos estudantís e sociais da cidade de Santiago de Compostela, así como outras persoas interesadas.

A franxa de idade é moi ampla e interxeracional, dado o carácter da comunidade universitaria:

Estudiantado e movementos xuvenís: poboación maioritariamente nova, concentrada principalmente entre os 18 e os 25 anos (estudos de grao, máster e colectivos estudantís).

Persoal laboral (PDI e PTXAS): Poboación adulta, comprendida maioritariamente nun rango de idade de entre os 25 e os 65 anos (persoas traballadoras e investigadoras da institución).

A previsión de asistencia para a execución e loxística do proxecto desagregase do seguinte xeito:

Acto xeral (Xornada de mañá): Estímase unha participación total de entre 80 e 100 persoas ata completar o aforo do Salón Nobre de Fonseca.

Grupos de traballo (Xornada de tarde): Establécese un grupo de traballo focalizado e directo de 30 persoas en total, seleccionadas baixo inscrición previa mediante formulario para garantir unha representación equilibrada de todos os sectores (estudiantado, PDI e PTXAS).

Lugar de realización:

Colexio de Fonseca.

Xornada de mañá (Acto institucional): Terá lugar no Salón Nobre de Fonseca.

Peche da mañá (*Performance* de danza): Desenvolverase nos Xardíns das Pedras, un espazo icónico e aberto que forma parte do propio complexo de Fonseca.

Xornada de tarde (sesións de traballo): Realizaranse no Salón Comedor do Colexio Fonseca, un espazo histórico axeitado pola súa capacidade para acoller dinámicas de grupo, e no claustro.

Recursos Humanos e Materiais implicados na organización das actividades:

O proxecto conta coa implicación de recursos propios da Universidade de Santiago de Compostela (USC) combinados con servizos e materiais financiados de forma específica:

Recursos Humanos:

Dirección e representación: A Vicerreitora de Estudantado, Igualdade, Diversidade e Benestar, a Adxunta á Vicerreitoría de Estudantado, Igualdade, Diversidade e Benestar para Igualdade e Estudantado, e o coordinador en materia LGTBI (persoal estrutural da USC).

Coordinación e organización técnica: 1 persoa encargada da coordinación xeral do evento e 2 persoas para tarefas de organización e loxística durante toda a xornada de mañá e tarde.

Dinamización dos grupos: 1 persoa dinamizadora experta de carácter externo apoiada por 1 persoa dinamizadora propia da USC.

Persoas relatoras da mesa redonda: 3 persoas relatoras representantes dos diferentes sectores da comunidade universitaria (Estudantado, PTXAS e PDI) e 1 persoa encargada de moderar (da asociación AtreveT). Artistas: 6 bailaríns/as e 1 director artístico pertencentes á Compañía de Danza da USC (Vicerreitoría de Cultura).

Recursos Materiais:

Equipamento loxístico e técnico: sistema de son e apoio técnico para o desenvolvemento da xornada e da actividade cultural de clausura.

Material de difusión e publicidade: deseño gráfico da imaxe da actividade, produción de cartelería e elementos de identificación visual do evento.

Material funxible e documentación de apoio: chapas divulgativas, bolígrafos, libretas, materiais de oficina e documentación necesaria para o desenvolvemento das dinámicas participativas e dos grupos de traballo.

Material de apoio á participación e á sistematización de resultados: recursos necesarios para a recollida de información, elaboración de conclusións e redacción da memoria técnica de diagnose.

Datas:

Mes de xuño de 2026.

4. .Nome da Actividade:

DIVULGACIÓN INSTITUCIONAL E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE

Descrición: Deseño, produción, edición e distribución de diferentes materiais e recursos informativos ou soportes físicos orientados a difundir os valores de igualdade de xénero e diversidade na contorna institucional. Esta actividade transversal permite a creación de contidos específicos de sensibilización, así como a provisión e adquisición de material funxible de oficina, papelería e reprografía necesarios para as tarefas de preparación, organización loxística, arquivo de documentación e soporte técnico das diferentes campañas informativas e de comunicación vinculadas ao programa.

Obxectivos xerais: Visibilizar e reforzar o compromiso institucional coa igualdade de oportunidades a través de accións continuas de difusión e comunicación.

Obxectivos específicos: Xerar recursos informativos accesibles para a comunidade; e dotar á Oficina de Igualdade dos materiais instrumentais e recursos funxibles necesarios para a correcta xestión, coordinación e xustificación técnica das accións integradas no convenio.

Persoas destinatarias da actividade:

O persoal técnico e de coordinación encargados da preparación e deseño de materiais, sendo a poboación destinataria final e indirecta o conxunto da comunidade universitaria e cidadá á que van dirixidas as campañas de sensibilización (profesorado, estudantado e persoal laboral, cun rango de idade interxeracional).

Lugar de realización:

Universidade de Santiago de Compostela

Recursos Humanos e Materiais implicados na organización das actividades:

Recursos humanos: persoal de estrutura e coordinación da Oficina de Igualdade de Xénero da USC.

Recursos materiais: soportes de información, recursos didácticos e materiais funxibles de oficina de uso común (papelería, carpetas, soportes de almacenamento e arquivos) asociados á xestión e divulgación da campaña.

Datas:

De xaneiro a setembro de 2026 (actividade transversal cun desenvolvemento continuo durante o período de execución do proxecto).

CUARTA. COMPATIBILIDADE

Esta subvención é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada.

Para o caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

QUINTA. OBRIGAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Concello de Santiago de Compostela entende que as actividades descritas no presente convenio son de interese social/xeral para o conxunto da comunidade e comprométese a achegar a cantidade de **14.000 € (CATORCE MIL EUROS)** con cargo á aplicación orzamentaria **010 23102 4890002** dos orzamentos xerais municipais 2026, segundo o previsto no Anexo ao Estado de Gastos dos Capítulos IV e VII das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2026.

SEXTA. OBRIGAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A USC comprométese a destinar as achegas feitas polo Concello de Santiago de Compostela a sufragar os gastos correntes derivados da execución das actividades realizadas no marco do programa obxecto deste convenio.

A USC achegará os recursos materiais e humanos para levar a termo as actividades sinaladas anteriormente e responsabilizarase e asumirá a coordinación total das actividades.

De non xustificar o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se acadase a finalidade perseguida polo convenio, o Concello de Santiago de Compostela minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificado.

A Universidade de Santiago de Compostela comunicará por escrito e de forma motivada, nun prazo máximo dun mes desde a notificación da concesión da subvención, calquera modificación dos datos que identifican o proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos previstos, para a súa aprobación.

A Universidade de Santiago de Compostela comunicarase co Concello de Santiago de Compostela exclusivamente a través de medios electrónicos, de acordo con o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPACAP), e remitirá tanta documentación destine ao Concello de Santiago de Compostela ou ben a través do seu rexistro electrónico, sito na sede electrónica da esta administración ou ben a través dos restantes rexistros electrónicos aos que fai referencia o artigo 16.4.a) da LPACAP.

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a comunicarlle ao Concello de Santiago de Compostela nun prazo máximo dun mes desde que tivese coñecemento da concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, que procedan de calquera outra administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional, que financien ditas actividades. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, antes de xustificar a aplicación dada aos fondos percibidos.

Todas as actuacións desenvolvidas pola Universidade de Santiago de Compostela, serán obxecto de seguimento polo persoal técnico municipal, polo que Universidade de Santiago de Compostela someterase a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias a realizar polo Concello de Santiago para comprobar

o cumprimento da lexislación española ao mesmo tempo, calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes: Intervención Xeral Municipal, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores (artigo 14.1.c da Lei Xeral de Subvencións).

A USC comprométese a dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

A USC comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

A USC comprométese a reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

A USC comprométese ao cumprimento estrito das disposicións en vigor ou que se diten durante a vixencia deste convenio, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire ao pagamento de salarios mínimos por categorías profesionais, cotas da Seguridade Social, mutualismo laboral, etc. O persoal que se vaia a empregar para a realización da finalidade do proxecto subvencionado non terá ningunha relación laboral con este Concello.

A USC comprométese a ter ao día baixo a súa responsabilidade cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, facenda ou outras, resulten necesarias para o desenvolvemento da actividade.

En todas as accións, publicidade ou presentacións públicas que se deriven da execución do convenio, deberase facer constar de maneira expresa a colaboración que presta o Concello de Santiago de Compostela, debendo incorporarse de forma visible o seu logotipo oficial, regulado no Manual de Imaxe Corporativa do concello de Santiago de Compostela.

SÉTIMA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO

Unha vez que termine a actividade, ou ben cando a USC realizase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado e, en todo caso, antes do **30 DE SETEMBRO DE 2026**, a USC deberá presentar a seguinte documentación, para os efectos da xustificación, que en todo caso deberá incluír todos os gastos e ingresos da actividade, sen que poidan nin deban excluírse ningún recurso (propio ou alleo) que o financie a actividade.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase coa xustificación do cumprimento da finalidade da subvención, a realización das actividades, e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa nos termos establecidos na normativa comunitaria e nacional de aplicación, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e integrada polos documentos que a continuación se sinalan:

1. Memoria de actuación.

- a. **Memoria de actuación**, expedida polo órgano competente da USC, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b. **Acreditación documental, material ou gráfica** (fotografías, fotocopias, captura de pantallas...) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada, segundo o disposto na cláusula novena deste convenio.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incluírá:

- a) **Certificación**, expedida polo órgano competente da USC dos gastos realizados segundo o disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que indica expresamente: “No caso das subvencións concedidas a outras administracións públicas ou entidades vinculadas ou dependentes daquelas e ás universidades, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida

b) Declaración responsable das axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 30 de setembro de 2026 e deberá presentarse no Concello de Santiago de Compostela antes do 30 de setembro de 2026.

OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e o Concello de Santiago de Compostela, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir ao Concello de Santiago de Compostela ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

NOVENA. PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA E COLABORACIÓN

1. As partes comprométense ao cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

2. Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que

en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados nos termos previstos pola citada normativa vixente.

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da Universidade de Santiago de Compostela a favor do Concello de Santiago de Compostela para o tratamento necesario dos datos relevantes da subvención concedida e a súa publicidade.

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a:

1. Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste convenio o financiamento do Concello de Santiago de Compostela, así como os seus correspondentes logotipos ou aqueloutros que se determinen. En concreto, deberá figurar de forma visible un cartel informativo que indique este cofinanciamento no lugar onde se realicen as actividades, e constar en toda a documentación, publicacións, actuacións de difusión ou convocatorias relativas ou resultantes das actividades obxecto deste convenio.
2. Comunicarlle ao Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentan a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
3. Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello de Santiago de Compostela no referente ao seguimento das actividades obxecto da subvención e remitirle un informe final detallado das actuacións levadas a termo.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

Serán causa de revogación deste convenio as recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en especial, o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A subvención concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da subvención contemplada no presente convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida xunto cos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da subvención percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

Para o caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegraranse á tesourería municipal as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese. En todo caso, a Universidade de Santiago de Compostela sométese á normativa vixente en materia de subvencións, referenciada na cláusula segunda.

DÉCIMO PRIMEIRA. SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada por:

- Polo Concello de Santiago de Compostela, a Alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela, que poderá dispor a súa substitución por persoal do Departamento de Igualdade.
- Pola Universidade de Santiago de Compostela, a súa Excm. reitora magnífica ou a persoa que dispoña para que a substitúa.

Sen prexuízo do anterior, todas aquelas cuestións relacionadas co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas polo Concello de Santiago de Compostela.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026, se ben serán subvencionables ao abeiro do mesmo, coa achega económica feita polo Concello de Santiago de Compostela, as accións englobadas no presente convenio que a USC realizase dende o 1 de xaneiro de 2026 ata a data límite para a presentación da xustificación, indicada na cláusula sétima, en relación co art. 32 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, entendendo por tanto, que o orzamento do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será a cargo do beneficiario a diferenza de financiamento que resulte necesaria para total execución da actividade subvencionada.

E en proba de conformidade, este convenio se asina mediante sinatura electrónica

Dona Goretti Sanmartin Rei Concello de Santiago de Compostela.	Dona Rosa María Crujeiras Casais Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

ENTIDADE/ASOCIACION: Universidade de Santiago de Compostela
CIF: Q1518001A

ACTIVIDADE/PROGRAMA:

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2026
11ª EDICIÓN PROGRAMA 'UNHA ENXEÑEIRA OU CIENTÍFICA EN CADA COLE'	5.730,00 €
<u>CONCEPTOS:</u> - Retribucións por cursos- obradoiros - Material funxible e gastos de difusión - Gravación en vídeo de obradoiros	3.870,00 € 860,00 € 1.000,00 €
XVII EDICIÓN DOS PREMIOS Á INTRODUCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA E NA INVESTIGACIÓN	4.600,00 €
<u>CONCEPTOS:</u> - premios de ámbalas dúas modalidades 1º premio modalidade A 2º premio modalidade A 3º premio modalidade A 1º premio modalidade B 2º premio modalidade B 3º premio modalidade B -Material Funxible e gastos de difusión	1.000,00 € 750,00 € 500,00 € 1.000,00 € 750,00 € 500,00 € 100,00 €
I CONVIVENCIA CON ORGULLO USC	3.170,00 €
<u>CONCEPTOS:</u> - Retribucións por conferencias mesas de diálogo e participación de persoas expertas - Retribucións por coordinación planificación, organización e dinamización da actividade - Material funxible e gastos de difusión	540,00 € 730,00€ 700,00 €

- Contratación de servizos técnicos externos necesarios para o desenvolvemento da xornada	1.200,00 €
DIVULGACIÓN INSTITUCIONAL E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE	500,00 €
<u>CONCEPTOS:</u> Material funxible e gastos de difusión	500,00 €
TOTAL	14.000,00 €

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuíto e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento é un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.